

cións ou instrucións que exixan as directivas e que acompañen tales aparellos.

ANEXO VI

Cráterios para a avaliación dos organismos que se deban notificar

1. Os organismos notificados polos Estados membros deberán cumprir as seguintes condicións mínimas:

- a) dispoñibilidade do persoal e dos medios e equipamentos necesarios;
- b) competencia técnica e integridade profesional do persoal;
- c) independencia na elaboración dos informes e na realización da función de verificación prevista por este real decreto;
- d) independencia do persoal xeral e técnico con respecto a todas as partes interesadas, grupos ou persoas directa ou indirectamente relacionados co equipamento en cuestión;
- e) mantemento por parte do persoal do segredo profesional e
- f) tenza dun seguro de responsabilidade civil a non ser que a devandita responsabilidade estea cuberta polo Estado consonte o dereito nacional.

2. As autoridades competentes comprobaran periodicamente o cumprimento das condicións establecidas no punto 1.

3. Cando o organismo que desexa ser notificado para equipamentos de telecomunicación acredite o cumprimento da norma EN 45011, avaliada por unha entidade de acreditación recoñecida na Unión Europea, presumirase que cumpre cos requisitos anteriores. Non obstante, neste caso, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá establecer requisitos adicionais relativos ás condicións que debe cumprir o devandito organismo.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

1112 *ORDE EHA/30/2007, do 16 de xaneiro, pola que se aproban os modelos 110 e 111 de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda.* («BOE» 17, do 19-1-2007.)

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, introduciu determinadas modificacións no ámbito das rendas suxeitas a retención e ingreso á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas que se concretan en dous novos supostos de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta tipificados nos preceptos contidos no parágrafo d) do número 5 e no terceiro parágrafo do número 6 do seu artigo 101. No primeiro dos citados preceptos incorpóranse, dentro dos rendementos derivados de actividades económicas suxeitos a retención ou ingreso á conta, os procedentes das actividades empresariais que determinen o seu rende-

mento neto polo método de estimación obxectiva, nos supostos e condicións que regulamentariamente se establezan, fixándose no 1 por 100 a porcentaxe de retención ou ingreso á conta aplicable sobre eles; no segundo, pola súa parte, decláranse suxeitas a retención ou ingreso á conta do 18 por 100 as ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos que regulamentariamente se establezan.

El Real decreto 1576/2006, do 22 de decembro, polo que se modifican en materia de pagamentos á conta o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo que se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa do América na cidade de Valencia, o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e o Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo, desenvolve a previsión legal das novas obrigas de reter ou ingresar á conta.

Así, en relación cos rendementos derivados das actividades empresariais exercidas por contribuíntes que determinen o seu rendimento neto consonte o método de estimación obxectiva, a nova obriga de reter e ingresar á conta non se establece sobre a totalidade de actividades a que resulta aplicable este método, senón unicamente sobre aquelas en que con maior frecuencia se desenvolven operacións entre empresarios. Débese sinalar, a este respecto, que o sometemento a retención ou ingreso á conta destes rendementos é consecuencia tamén da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, e que persegue basicamente unha función de control daquelas operacións que efectúan os empresarios que determinan os rendementos da súa actividade polo método de estimación obxectiva con outros empresarios. A especificación e identificación destas actividades realízase no artigo 93.6 do Regulamento do imposto, como é usual no método de estimación obxectiva, por referencia ao grupo ou á epígrafe da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas e á descrición da actividade económica desenvolvida. Polo que respecta ás ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos, os artigos 97.2 e 103.2 do Regulamento do imposto recollen, respectivamente, as retencións e ingresos á conta que se deberán practicar sobre estas rendas.

Á marxe destas novidades, a regulación das obrigas formais e materiais do retedor ou obrigado a ingresar á conta relativas á declaración e ingreso periódico das cantidades retidas ou dos ingresos á conta que correspondan polo período que é obxecto de declaración non incorpora ningunha modificación respecto do establecido na normativa anterior.

Neste sentido, o punto 1 do artigo 106 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas dispón que o suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta deberá presentar, nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior e ingresar o seu importe no Tesouro Público. Non obstante, cando se trate de retedores ou obrigados que teñan a consideración de grandes empresas ou de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio do exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros, a declaración e ingreso realizarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo mes inmediato anterior, salvo a correspondente ao mes de xullo, que se efectuará durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediato posterior.

O retedor ou obrigado a ingresar á conta presentará declaración negativa cando, a pesar de ter satisfeito rendas sometidas a retención ou ingreso á conta, non procedese, por razón da súa contía, a práctica de retención ou ningún ingreso á conta. Non procederá a presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen, no período de declaración, rendas sometidas a retención ou ingreso á conta.

Pola súa parte, o punto 5 establece que as declaracións das retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas se realizarán nos modelos que para cada clase de rendas estableza o ministro de Economía e Facenda, que, así mesmo, poderá determinar os datos que se deben incluír nelas. A habilitación regulamentaria complétase no parágrafo segundo do citado punto, no cal se establece que a declaración e ingreso se efectuarán na forma e lugar que determine o ministro de Economía e Facenda, que poderá establecer os supostos e condicións de presentación destas declaracións por medios telemáticos.

Seguindo esta mesma liña, nesta orde procédese, por unha parte, a modificar os modelos mediante os cales se vén realizando a declaración e ingreso das cantidades retidas e ingresos á conta que correspondan sobre estas categorías de renda, como son os modelos 110 e 111, de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda, co obxecto de incorporar os novos supostos de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta e, por outra, a manter a regulación vixente da forma e lugar da súa presentación, incluída a vía telemática pola internet.

En relación con esta vía de presentación, débese sinalar que a Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, pola que se ditan medidas para o impulso e homoxeneización de determinados aspectos en relación á presentación de declaracións tributarias por vía telemática, se modifican determinadas normas de presentación dos modelos de declaración 182, 184, 188 e 296 e se modifica o modelo de declaración 187, «Declaración informativa de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio das institucións de investimento colectivo e resumo anual de retencións e ingresos á conta en relación coas rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos desas accións e participacións», esténdese o procedemento da domiciliación bancaria na entidade de crédito que actúe como colaboradora na xestión recadadora aos obrigados tributarios que presenten por vía telemática, entre outros modelos, o modelo 110 e desexen acollerse a el como medio de pagamento da débeda tributaria resultante das súas declaracións-liquidacións. Así mesmo, co obxecto de facilitarles aos obrigados tributarios o cumprimento das súas obrigas, nesta orde elimínanse, con carácter xeral, determinadas restricións á presentación das declaracións por vía telemática.

A incorporación dos novos supostos de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta nos modelos 110 e 111 aprobados nesta orde realizouse de forma diferente. Así, mentres que os datos relativos ás retencións e ingresos á conta sobre as ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos se deben facer constar na nova rúbrica creada para tal efecto dentro do punto «liquidación» de ambos os modelos, a declaración dos datos relativos ás retencións e ingresos á conta sobre os rendementos das actividades empresariais en estimación obxectiva previstas no artigo 93.6.2.º do Regulamento do imposto débese efectuar na rúbrica xa existente de rendementos de actividades económicas.

Polo que se refire ao modelo 111, cabe precisar que, dada a obrigatoriedade da súa presentación por vía telemática, non se considera necesario proceder á súa apro-

bación diferenciada en forma de impreso. En consecuencia, a aprobación do modelo 111 limitábase a establecer que os datos fiscais para transmitir polos obrigados tributarios usuarios del, así como os relativos á remuneración, se deben axustar ao contido establecido nos puntos «liquidación» e «devengo» do modelo 110.

Finalmente, ademais das sinaladas novidades, os modelos 110 e 111 aprobados nesta orde caracterízanse por non incorporar os datos relativos ao domicilio do declarante. A razón desta supresión radica en que estes modelos carecen de transcendencia censual e que non constitúen canle de procedemento idónea para comunicarlle á Administración tributaria nin o domicilio fiscal nin os cambios efectuados nel; circunstancias estas que deben comunicar os retedores ou obrigados a ingresar á conta mediante o modelo 036, aprobado pola Orde HAC/2567/2003, do 10 de setembro.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Aprobación do modelo 110.*

Apróbase o modelo 110. Retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas. Rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda. Declaración-documento de ingreso.

Este modelo, que figura como anexo desta orde, consta dos dous exemplares seguintes:

Exemplar para o declarante.

Exemplar para a entidade colaboradora-AEAT.

O número de xustificante que deberá figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 110.

Artigo 2. *Obrigados a presentar o modelo 110.*

1. O modelo 110 deberá ser utilizado polas persoas e entidades que, estando obrigadas a reter ou ingresar á conta conforme o establecido no artigo 74 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, satisfixesen durante o trimestre natural obxecto de declaración rendas, en diñeiro ou en especie, que estean suxeitas a retención ou a ingreso á conta conforme o artigo 73 do citado regulamento, correspondentes a algunha das categorías de renda incluídas no punto «Liquidación» do propio modelo.

2. Non poderán utilizar o modelo 110 as persoas ou entidades obrigadas a reter ou ingresar á conta en que conorra algunha das circunstancias a que se refiren os parágrafos segundo e terceiro do número 1 do artigo 106 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e que por tal motivo deban efectuar mensualmente a declaración e ingreso das cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo mes inmediato anterior.

Artigo 3. *Prazo de presentación do modelo 110.*

De acordo co disposto no artigo 106.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, a presentación do modelo 110, así como, se for o caso, o ingreso do seu importe no Tesouro Público, efectuarase nos vinte primeiros días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que proceda realizar correspondentes ao primeiro, segundo, terceiro e cuarto trimestres do ano natural, respectivamente.

Os vencementos de prazo que coincidan cun sábado ou día inhábil entenderanse trasladados ao primeiro día hábil inmediato seguinte.

Artigo 4. *Presentación do modelo 110 en impreso.*

1. Se da declaración axustada ao modelo 110 en impreso resulta unha cantidade para ingresar no Tesouro Público, a presentación e ingreso poderase realizar en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadadora (bancos, caixas de aforros ou cooperativas de crédito), sempre que a declaración leve adheridas as correspondentes etiquetas identificativas elaboradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. De tratarse de declaracións negativas axustadas ao modelo 110, estas deberanse presentar, directamente ou mediante envío por correo certificado, na delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntándolle á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se esta non leva adheridas as etiquetas identificativas elaboradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

3. Os obrigados tributarios que estean acollidos ao sistema de conta corrente en materia tributaria regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, presentarán a declaración axustada ao modelo 110 de acordo coas regras previstas no punto sexto da Orde do 30 de setembro de 1999, pola que se aproba o modelo de solicitude de inclusión no sistema de conta corrente en materia tributaria, se establece o lugar de presentación das declaracións tributarias que xeren débedas ou créditos que se deban anotar nesa conta corrente tributaria e se desenvolve o disposto no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, polo que se regula o sistema de conta corrente en materia tributaria.

Artigo 5. *Condicións xerais e procedemento para a presentación telemática do modelo 110.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 4 anterior, os obrigados tributarios poderán efectuar a presentación e, de ser o caso, o ingreso resultante da declaración-liquidación axustada ao modelo 110 por vía telemática, de acordo co disposto na Orde do 30 de setembro de 1999, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións correspondentes aos modelos 110, 130, 300 e 330.

Tamén resultarán aplicables á presentación por vía telemática do modelo 110 as medidas establecidas para a eliminación de determinadas restricións á utilización desta vía no artigo 2 da Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, pola que se ditan medidas para o impulso e homoxeneización de determinados aspectos en relación coa presentación de declaracións tributarias por vía telemática, se modifican determinadas normas de presentación dos modelos de declaración 182, 184, 188 e 296, e se modifica o modelo de declaración 187, «Declaración informativa de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio das institucións de investimento colectivo e resumo anual de retencións e ingresos á conta en relación coas rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos desas accións e participacións».

2. A utilización polos retedores ou obrigados a ingresar á conta da domiciliación bancaria na entidade de crédito que actúe como colaboradora na xestión recadadora (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) como medio de pagamento da débeda tributaria resultante do modelo 110 presentado por vía telemática axustarase ao disposto no artigo 1 da Orde EHA/3398/2006, anteriormente citada.

3. Os obrigados tributarios incluídos no sistema de conta corrente en materia tributaria regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, deberán ter en conta para a presentación telemática do modelo 110 as especialidades a que se refire o parágrafo segundo da Orde do 22

de decembro de 1999, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións que xeren débedas ou créditos que se deban anotar na conta corrente en materia tributaria.

Artigo 6. *Aprobación do modelo 111.*

Apróbase, para a súa presentación exclusivamente por vía telemática, o modelo 111. Retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas. Rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda. Declaración-documento de ingreso.

Os datos fiscais do modelo 111 que se deban transmitir mediante o correspondente formulario electrónico, incluídos os relativos á remuneración, axustarase aos que figuran nos puntos «Devengo» e «Liquidación» do modelo 110 aprobado no artigo 1 desta orde.

Artigo 7. *Obrigados a presentar o modelo 111.*

De acordo co establecido no artigo 106.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, o modelo 111 deberá ser utilizado polos seguintes retedores ou obrigados a ingresar á conta:

a) As persoas ou entidades que teñan a consideración de grandes empresas por concorrer algunha das circunstancias a que se refiren os números 1.º e 1.º bis do número 3 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

b) As entidades que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio de cada exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros.

Artigo 8. *Presentación por vía telemática do modelo 111.*

1. A presentación por vía telemática do modelo 111 polas entidades que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio de cada exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros, realizarase de acordo co establecido na Orde HAC/2894/2002, do 8 de novembro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet da declaración axustada ao modelo 111 que teñen que presentar as administracións públicas, incluída a Seguridade Social.

2. A presentación por vía telemática do modelo 111 polas entidades que teñan a consideración de grandes empresas por concorrer algunha das circunstancias a que se refiren os números 1.º e 1.º bis do punto 3 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, realizarase de acordo co disposto na Orde do 20 de xaneiro de 1999, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións mensuais de grandes empresas correspondentes aos códigos 111, 320 e 332.

3. De tratarse de obrigados tributarios incluídos no sistema de conta corrente en materia tributaria regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, deberán ter en conta para a presentación telemática do modelo 111 as especialidades previstas na Orde do 22 de decembro de 1999, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións que xeren débedas ou créditos que se deban anotar na conta corrente en materia tributaria.

Disposición adicional única.

1. As referencias efectuadas ao modelo 110 na Orde do 30 de setembro de 1999, pola que se establecen as con-

dicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións correspondentes aos modelos 110, 130, 300 e 330, así como nas restantes disposicións de igual ou inferior rango vixentes, deberanse entender efectuadas ao modelo 110 aprobado nesta orde.

2. As referencias efectuadas ao modelo 111 na Orde do 20 de xaneiro de 1999, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións mensuais de grandes empresas correspondentes aos códigos 111, 320 e 332, na Orde HAC/2894/2002, do 8 de novembro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet da declaración axustada ao modelo 111 que presentarán as administracións públicas, incluída a Seguridade Social, así como nas restantes disposicións de igual ou inferior rango vixentes deberanse entender realizadas ao modelo 111 aprobado nesta orde.

Disposición derogatoria única.

A partir do momento en que esta orde produza os seus efectos, de acordo co establecido na súa disposición derradeira única, quedan derogadas as seguintes disposicións:

A Orde do 6 de setembro de 2000, pola que se aproban os modelos 110 e 111, de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda.

Os parágrafos sétimo e oitavo da Orde do 30 de xaneiro de 2001, pola que se aproban os modelos 308, 309, 310 e 370 de declaración-liquidación en euros do imposto sobre o valor engadido, os modelos 130 e 131 de declaración-liquidación de pagamentos fraccionados en euros do imposto sobre a renda das persoas físicas e os modelos 110 e 111 de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta en euros do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda.

Disposición derradeira única.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos respecto das declaracións e ingresos das retencións e ingresos á conta que correspondan ao primeiro trimestre ou, de ser o caso, ao mes de xaneiro, ambos de 2007, e seguintes.

Madrid, 16 de xaneiro de 2007.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(NOTA: Os modelos a que se refire esta orde son os publicados na edición do BOE en castelán número 17, do 19-01-2007.)

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

1113 *ORDE TAS/31/2007, do 16 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007. («BOE» 17, do 19-1-2007.)*

O artigo 115 da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, establece

as bases e os tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2007, facultando no seu punto doce o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as normas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto no citado artigo.

A esta finalidade responde esta orde, mediante a cal se desenvolven as previsións legais en materia de cotizacións sociais para o exercicio 2007. A través dela non só se reproducen as bases e os tipos de cotización reflectidos no texto legal citado senón que, en desenvolvemento das facultades atribuídas polo artigo 110 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, se adaptan as bases de cotización establecidas con carácter xeral aos supostos de contratos a tempo parcial. Respecto da determinación das bases mínimas de cotización dos diferentes réximes do sistema da Seguridade Social, téñense en conta as previsións contidas no punto once do artigo 115 da Lei 42/2006.

En materia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais será de aplicación a nova tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, en vigor desde o 1 de xaneiro do presente exercicio.

Pola súa vez e de conformidade co disposto no Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, nesta orde fíxanse os coeficientes aplicables para determinar a cotización á Seguridade Social en supostos específicos, como son os de convenio especial, colaboración na xestión da Seguridade Social ou exclusión dalgunha continxencia.

Por último, fíxanse os coeficientes para a determinación das achegas por conta das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ao sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social, en función dos criterios técnicos para a liquidación de capitais custo, de pensións e doutras prestacións periódicas, achegas mediante as cales se garante o mantemento do equilibrio financeiro entre as entidades colaboradoras sinaladas e a Administración da Seguridade Social.

Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas no artigo 115.doce da Lei 42 /2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, e na disposición derradeira única do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, dispuxen:

CAPÍTULO I

Cotización á Seguridade Social

SECCIÓN 1.^a RÉXIME XERAL

Artigo 1. *Determinación da base de cotización.*

1. Para determinar a base de cotización correspondente a cada mes polas continxencias comúns no réxime xeral, aplicaranse as seguintes normas:

Primeira.—Computarase a remuneración devengada no mes a que se refire a cotización.

Segunda.—Á remuneración computada conforme a norma anterior engadirase a parte proporcional das gratificacións extraordinarias establecidas e daquel outros conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e se satisfagan dentro do exercicio económico do ano 2007. Para tal efecto, o importe anual estimado destas gratificacións extraordinarias e demais conceptos retributivos dividirase por 365, e o cociente que resulte multiplicarase polo número de días que comprenda o período de cotización de cada mes. No caso de que